



22 E 23
SET.
2023

Concello da Coruña
 Fundación Luis Seoane
 Teatro Colón
 Casa Museo Picasso

APED



ARTES POLA PAZ E
EDUCACIÓN EN
DEREITOS HUMANOS

III CONGRESO INTERNACIONAL ARTE E EDUCACIÓN

Proyecto PID2020-117147RA-I00 financiado por MCIN/AEI



Alouette Machine (España-Bélgica)

www.alouettemachine.org

É un proxecto nómade e itinerante de produción gráfica político-poética, creado por Jean-Baptiste Lison e Cristina Ulteira Silva, que se basea nunha imprenta tipográfica ambulante, movida por un motor de cinco cilindros. Trátase dun espazo de creación para xerar de forma colectiva material gráfico que cuestiona, incómodo, enfadado ou desenfadado, irónico, realista... usando caixóns de letras de chumbo e madeira, tintas, papeis para relacionar as formas gráficas das palabras co seu significado. Ademais da técnica da tipografía, empregan cianotipia, gravado e serigrafía.

**Marián Cao (España)**

É Catedrática da Universidade Complutense de Madrid e arte-terapeuta acreditada pola Federación Española de Arteterapia (FEAPA). Realizou estancias en Alemaña (Akademie der Künste, Munich e Hochschule der Künste, Berlín), Reino Unido (Courtauld Institute of Art, Londres), EE.UU (MOMA, Nova York) e México (Universidade de Veracruz). Directora do grupo de investigación consolidado EARTDI 941035 "Aplicaciones del Arte en la inclusión social" (<https://www.ucm.es/eartdi>) e vicepresidenta desde 2017 do European Consortium of Arts Therapies Education (<https://www.ecarte.info/>). Foi convidada por universidades e centros de investigación e culturais do Brasil, Argentina, México, Colombia, Chile, Grecia, Hungría, entre outros. Entre os premios recibidos, hai que mencionar o Rosa Regàs 2010 por materiais educativos con carácter co-educativo, o Primeiro Premio de Transferencia en Tecnoloxía e Coñecemento en Ciencias Sociais e Humanidades 2017 pola súa aplicación móbil "Madrid, ciudad de las Mujeres" (MadridFem) e o Premio ATE 2020 pola mellor comunicación científica en Arteterapia.

7H Cooperativa Cultural (Galicia)

www.7hcoop.gal

Proxecto de auto-emprego colectivo baseado na economía social, que aspira a xerar un modelo de participación que, desde a educación artística, a creación contemporánea e a comunicación cultural fomente o diálogo, a visibilidade da diversidade cultural e a transformación colectiva. Os seus principios son: inclusión, igualdade e diversidade para garantir a participación de todas as persoas nos procesos de creación cultural contemporánea. Obtivo o Premio Emprende Gaiás-Sixto Seco á mellor idea empresarial creativa; o Premio aos Valores Cooperativos do Consello Galego de Cooperativas e o Premio Begoña Caamaño á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero da Deputación da Coruña.



Silvia Capelo (Galicia)

É Licenciada en Belas Artes na especialidade Debuxo/Pintura pola Universidade de Vigo e Doutora en Educación Artística pola Universidade de Santiago de Compostela. É profesora na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. Foi co-fundadora do colectivo 20°C65%, realizando diferentes exposicións itinerantes por España e Portugal. Pertence á Colección Andante de Ramón Álvarez (2013) e recibiu a Mención de Honra do Xuventude Crea 2015. Na súa obra artística interésase pola fusión do corpo humano coa natureza, a interrelación que existe entre si e o paso do tempo. A nivel educativo, realiza obradoiros onde concentra a actividade na maneira de xogar, de facer para crear unha obra e de presentar unha aprendizaxe artística sen prexuízos e involucrando a toda a comunidade tanto educativa como social.



APED

III CONGRESO
INTERNACIONAL
ARTE E EDUCACIÓN

ARTES POLA PAZ E EDUCACIÓN EN DEREITOS HUMANOS

22 E 23 SET. 2023

Dirección

José María Mesías Lema
Universidade da Coruña

Secretaría

Carmen Ferreira Boo
Universidade da Coruña

Organiza

Grupo de Investigación
Arte-Facto
Universidade da Coruña
www.arte-facto.org

Lugar

Fundación Luis Seoane
Teatro Colón
Casa Museo Picasso

Número de prazas

80 prazas
Matrícula Gratuíta

Modalidade presencial

Tamén se poderá seguir por streaming
da Fundación Luis Seoane

Conferencia de clausura

300 prazas
Acceso aberto ata completar aforo
(Lugar: Teatro Colón)

Inscripción

Fundación Luis Seoane
www.fundacionluisseoane.gal
artes.educacion@fundacionluisseoane.gal



Casa Museo Picasso
Rúa Payo Gómez, 14

Fundación Luis Seoane
Rúa San Francisco, 27

Teatro Colón
Avenida da Marina, 7A

Itziar Ezquieta (Galicia)

É pintora, licenciada en Belas Artes e Doutora pola Universidade de Vigo. Traballa como profesora asociada nas facultades de Belas Artes e Ciencias da Educación e do Deporte (Pontevedra), na área de Didáctica da expresión Plástica, da Universidade de Vigo. Participou na VII bienal Pintor Laxeiro e na exposición Doble Vía do Encontro Galego do Fórum de Barcelona. Recibiu en 2003 o primeiro premio do certame Urbano Lugo e en 2005 o premio de pintura Antón Rivas Briones.



Sonia Pintos Pazos (Galicia)

É pedagoga e educadora social. Traballa como Técnica de Xuventude, Educación e Cultura no Concello de Soutomaior (Pontevedra). Ademais, é formadora na EGAP, na Dirección Xeral de Xuventude e no Mestrado de Profesorado da UVigo. É asesora en proxectos de intervención socio-educativa da Asociación Socio-educativa e Cultural Paspallás, como a Ambientación artístico-pedagóxica das Urgencias Pediátricas do hospital Arquitecto Marcide de Ferrol (2020) ou a Transformación da aula obradoiro do Centro Integrado de Formación Profesional A Xunqueira (2019).



RELATORAS

Artes pola Paz e Educación en Dereitos Humanos

Cristina Pato (EEUU, España)

www.cristinapato.com/es

É música, escritora, educadora e produtora. Actualmente, dedícase a explorar o papel das artes na sociedade a través da docencia e a produción. Traballou como artista residente, desenvolvendo proxectos de cooperación entre departamentos e disciplinas, na Universidade de Nova York, na Universidade de Harvard e na Universidade de California. Ademais, colaborou co Silkroad Project, organización fundada pola violonchelista Yo-Yo Ma, como “asesora de educación” (2014-2019). Como música, ten publicado seis discos como gaiteira solista e dous como pianista, ademais de colaborar con outros artistas da World Music, o jazz, a música clásica, a música experimental e a danza. Como escritora, desde 2017 escribe a columna semanal “A arte da inquedaanza” para *La Voz de Galicia* e publicou a novela *No día do seu enterro* (Galaxia, 2022). Ten recibido numerosos premios, como o Premio Artista Comprometido, a Medalla Castelao, o Premio Trasalba e o Premio da Cultura de Galicia.



Begoña Paz (Galicia)

É licenciada en Belas Artes coa especialidade en Escultura (1996) e Doutora en Belas Artes (2009) pola Universidade de Vigo. Desenvolve o seu labor docente como profesora contratada doutora nas facultades de Belas Artes e Ciencias da Educación e do Deporte (Pontevedra) da Universidade de Vigo nas áreas da mediación e transmisión da educación artística e didáctica da expresión plástica e visual. Coordina o itinerario de Artes



Con motivo do ano Picasso na Coruña, esta terceira edición do congreso internacional incidirá sobre a viaxe de Seoane a Europa en 1949, cando estaba exiliado na Arxentina. Seoane asiste como representante da plástica arxentina, ao Congrès Mondial des Partisans de la Paix en París, onde coñecerá a Picasso e visitará o seu Obradoiro na Rue des Grands-Agustins, xunto a Manuel Colmeiro e Manuel Ángeles Ortiz. En Londres asistirá ao Congreso Internacional da Integración das Artes, coincidindo con Fernand Léger, Lucien Freud e Henry Moore. A raíz destas visitas, Seoane asimilará e sintetizará a influencia das vangardas europeas, producíndose unha clara evolución artística. Tendo en conta a súa marabillosa conferencia, o congreso xirará sobre a importancia das artes como defensoras dos Dereitos Humanos, a integración das artes plásticas e a arquitectura na vida das persoas, a educación artística e cultura da paz. Trátase de deixar marxe ao imprevisto e á capacidade imaxinativa, que permitan as posibilidades técnicas, e lexitimar o xogo intelectual de superar os límites razoables para que a arte exprese a realidade colectiva e integre o espírito común, a relación entre home e mundo, como sinalaba Seoane.



EIXOS TEMÁTICOS

Arte para a Paz

Os procesos artísticos como defensores dos Dereitos Humanos

Os procesos creativos e a educación artística: accións, estratexias e impacto

Os proxectos pedagóxicos e os Dereitos Humanos

Deseño de espazos educativos como xeradores da Cultura da Paz

VENRES 22 SET.

[Auditorio Fundación Luis Seoane](#)

16:30-16:45 h.
RECEPCIÓN. ACREDITACIÓN

16:45-17:00 h
INAUGURACIÓN

Gonzalo Henrique Castro Prado
Concelleiro de Fomento e Promoción da Cidade

Bettina Koolhaas
Directora da Área de Cultura do Concello da Coruña

Silvia Longueira
Directora da Fundación Luis Seoane

José María Mesías
Director do Congreso

17:00-17:30 h.
CONFERENCIA INAUGURAL

Entremedias: Interseccións e sostibilidade cultural

Cristina Pato (EEUU)
Unha viaxe a través dos mundos musicais que transitei cos meus dous instrumentos, e tamén unha viaxe a través dos diferentes xeitos de entender o rol da cultura na sociedade. Como gaitera e como pianista, habitando entremedias da música clásica e as outras músicas ás que me acheguei na miña carreira, aprendín a apreciar a importancia e a beleza da diferenza. Como profesora e artista en residencia, centrei a miña carreira profesional en crear pontes de colaboración entre as ciencias e as humanidades a través das artes. E como emigrante/inmigrante, estou constantemente aprendendo o que significa

pertencer a unha comunidade. Esta conferencia explora as cuestións que nacen dese espazo particular, entremedias, invitándonos a reflexionar sobre o papel dos artistas na sociedade.

17:30- 18:00 h.
COFFEE BREAK

18:00-20:30 h.
OBRADOIRO “Habitar un lugar (imaxinar, crear, compartir)”

Begoña Paz, Itziar Ezquieta e Sonia Pintos Pazos
Obradoiro para a creación colaborativa dun habitáculo, refuxio, espazo de pensamento para a reflexión e o debate sobre os Dereitos Humanos, empregando diferentes estratexias artístico-pedagóxicas para a súa formalización.

SÁBADO 23 SET.

MAÑÁ

[Auditorio Fundación Luis Seoane](#)
[Obradoiros en pequenos grupos simultáneos e rotativos](#)

9:30-11:00 h.
OBRADOIRO “Prismas. Obradoiro de creación experimental feminista en torno á vida e obra de Picasso”

7H Cooperativa Cultural
A partir das ferramentas creativas formuladas polo apropiacionismo, a contrapublicidade e as correntes vangardistas, traballaremos de xeito cooperativo na revisión e (de)construción da vida e obra do xenio.

11:00- 11:15 h.
COFFEE BREAK

11:15-12:45 h.
OBRADOIRO “ACEITE E AGUA”

Silvia Capelo
A través de todo o que está ocorrendo, con relación a como se atopa a sociedade nun mundo que en certas zonas se repele, vémonos na necesidade de traballar a súa metáfora a través da acción artística e o proceso construtivo da instalación. Con esta proposta, tratamos de empatizar e sensibilizar ao espectador coa diversidade de situacións e vivencias, achegarnos ao contexto social que sofren familias enteiras, as cales se ven obrigadas a fuxir ou abandonar, por motivos de persecución, violencia ou guerra, o seu entorno, fogar, país ou nación. O significado que queremos representar, a partir dos distintos elementos que ocupan as moléculas que conforman tanto a auga coma o aceite, é a diferenza do poder, con dúas visións incompatibles, xerarquizadas e difíciles de engrenar. A figura do mar tamén está presente, como ser poderoso, ambicioso, capaz de derrubar todo o que está ao seu alcance. Con todo isto, o proceso artístico levaranos a xerar o diálogo entre os distintos materiais e a relación que existe coa transgresión dos Dereitos Humanos e as leis da natureza humana.

12:45-14:15 h.
OBRADOIRO “Tipografías de paso”
Cris e Jean-Ba. Alouette Machine
Despois dunha breve introdución sobre as ferramentas e funcionamento da técnica da imprenta tipográfica, elaborárase de forma colectiva unha serie de cartéis orixinais ao redor do eixo Seoane/Congreso de la Paix/Picasso. Antigas prensas, tintas e letras de chumbo e madeira farán funcionar a imprenta na Fundación Luís Seoane.

TARDE

[Casa Museo Picasso](#)

16:00-16:30 h. Casa Museo Picasso

16:30-17:00 h. Casa Museo Picasso

17:00-17:30 h. Casa Museo Picasso

[Teatro Colón](#)

17:45-19:00 h.
CONFERENCIA DE CLAUSURA

Picasso, cincuenta anos despois. Máis alá do xenio

Marián Cao, Catedrática da UCM
Nesta conferencia abordaremos, desde unha perspectiva crítica e construtiva, a obra e figura que a sociedade construíu durante a vida e os anos subseguintes en torno á figura de Picasso. Revisaremos conceptos como canon, xenio, xenealoxía así como a función da arte ao servizo da sociedade. A obra de Picasso, ampla e prolífica, servirá como exemplo de moitos usos da arte; e a súa figura, máis alá da súa obra, servirá de exemplo da construción das iconas culturais, precursoras da construción dunha identidade a través da imaxe.

19:00-20:00 h.
Ruta modernista Picasso pola cidade

